

Cámaras Galicia



CÁMARA OFICIAL
DE COMERCIO,
INDUSTRIA Y
NAVEGACIÓN DE
OURENSE



CÁMARA OFICIAL
DE COMERCIO, INDUSTRIA
Y NAVEGACIÓN DE
TUI



CÁMARA OFICIAL
DE COMERCIO, INDUSTRIA
Y NAVEGACIÓN DE
FERROL



CÁMARA OFICIAL
DE COMERCIO, INDUSTRIA
Y NAVEGACIÓN DE
PONTEVEDRA



CÁMARA OFICIAL
DE COMERCIO, INDUSTRIA
Y NAVEGACIÓN DE
A CORUÑA



CÁMARA OFICIAL
DE COMERCIO, INDUSTRIA
Y NAVEGACIÓN DE
VIGO



CÁMARA OFICIAL
DE COMERCIO, INDUSTRIA
Y NAVEGACIÓN DE LA
PROVINCIA DE LUGO



CÁMARA OFICIAL
DE COMERCIO, INDUSTRIA
Y NAVEGACIÓN DE
VILAGARCÍA DE AROUSA



CÁMARA OFICIAL
DE COMERCIO, INDUSTRIA
Y NAVEGACIÓN DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

GUÍA DAS BOAS PRÁCTICAS MEDIOAMBIENTAIS



TRANSPORTE

XUNTA DE GALICIA

PRESENTACIÓN

O principal obxectivo desta guía, dirixida tanto ós transportistas e empresas de transportes como ós talleres onde se realizan actividades de reparación e limpeza dos vehículos, é promover a mellora continua das súas actividades en relación co medio ambiente mediante a exposición dunhas recomendacións prácticas para un máis axeitado comportamento medioambiental.



Como resultado da implantación das recomendacións propostas conseguírase:

- Reduci-lo consumo dos recursos enerxéticos de toda índole.
- Reduci-lo consumo de auga.
- Diminuí-la xeración de residuos e facilita-la súa reutilización.
- Minimiza-lo efecto medioambiental das emisións atmosféricas, ruidos e vertidos de auga.
- Concienciación dos empregados así como dos usuarios mediante unha correcta formación e información, o que redundará nunha boa integración das medidas adoptadas para a mellora e coidado do medio ambiente.

A guía está estruturada en cinco áreas ou seccións de traballo onde se describen as recomendacións prácticas que hai que aplicar en cada unha delas. Estas áreas son: Adquisición de vehículos e equipos, Loxística, Consumo de recursos naturais, Xestión de residuos e Mantemento.

A guía finaliza cunha lista de direccións de interese onde se poderá obter máis información.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Rúa dos Feáns, 7º C
15706 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 541 055 - Fax: 981 541 100

Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 109 - Fax: 981 546 101

Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental

Basquiños, 2
15703 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 541 755 - Fax: 981 541 757

Gabinete de Comunicación

Basquiños, 2
15704 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 541 721 - Fax: 981 541 727

DELEGACIÓNS PROVINCIAIS da Consellería.

A Coruña

Edificio Servicios Múltiples
Praza Luís Seoane s/n
15008 A Coruña
Teléfono: 981 184 501 - Fax: 981 184 651

Lugo

Ronda da Muralla nº 70
27003 Lugo
Teléfono: 982 294 525 - Fax: 982 294 539

Ourense

Rúa do Paseo, 18-5º
32004 Ourense
Teléfono: 988 386 023 - Fax: 988 386 009

Pontevedra

Rúa Benito Corbal, 47-4º
36071 Pontevedra
Teléfono: 986 805 594 - Fax: 986 805 485

CÁMARAS DE COMERCIO

Cámara de Comercio de Vilagarcía de Arousa

Praza Ravela, 13-3º - 36600 Vilagarcía
Teléfono: 986 500 447 - Fax: 986 500 621

Cámara de Comercio da Coruña

Rúa Alameda, 30-2º - 15003 A Coruña
Teléfono: 981 216 072 - Fax: 981 225 208

Cámara de Comercio de Lugo

Avenida Ramón Ferreiro, 18 - 27002 Lugo
Teléfono: 982 284 003 - Fax: 982 244 301

Cámara de Comercio de Santiago de Compostela

Rúa San Pedro Mezonzo, 44 - 15701 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 596 800 - Fax: 981 590 322

Cámara de Comercio de Vigo

Rúa Velázquez Moreno, 29-3º y 4º - 36202 Vigo
Teléfono: 986 222 530 - Fax: 986 435 659

Cámara de Comercio do Ferrol

Rúa María, 158 - 15401 Ferrol
Teléfono: 981 351 960 - Fax: 981 356 758

Cámara de Comercio de Ourense

Avenida da Habana, 30 - 32003 Ourense
Teléfono: 988 232 114 - Fax: 988 233 088

Cámara de Comercio de Pontevedra

Rúa Xardíns de Vicenti, 4-2º A
36001 Pontevedra
Teléfono: 986 866 303 - Fax: 986 862 643

Cámara de Comercio de Tui

Rúa Augusto González Besada
Edificio Plaza
36700 Tui
Teléfono: 986 600 216 - Fax: 986 601 512

LEXISLACIÓN

- Lei 1/95 de protección ambiental de Galicia.
- Decreto 2414/61, polo que se aproba o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (RAMINP).
- Decreto 442/90, de avaliación de impacto ambiental para Galicia.
- Decreto 327/91, de avaliación de efectos ambientais de Galicia.
- Lei 29/85, de augas.
- Real decreto 849/86, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico. Complementa a Lei 29/85.
- Real decreto 484/95, sobre medidas de regularización e control de vertidos de augas residuais.
- Lei 10/97, de residuos sólidos urbanos de Galicia.
- Lei 11/97, sobre envases e residuos de envases.
- Lei 10/98 de residuos.
- Real decreto 833/88, de residuos tóxicos e perigosos, reformado por Real decreto 952/97.
- Real decreto 782/98, que desenvolve a Lei 11/97, de envases e residuos de envases.
- Decreto 260/98, polo que se regula a autorización de xestor de residuos sólidos urbanos e a inscrición no Rexistro de Xestores de RSU de Galicia.
- Decreto 263/98, polo que se regula a autorización e se crea o Rexistro de Xestores e Productores de Residuos Perigosos.
- Orde do 28/2/1989 e Orde do 13/6/1990, polas que se regula a xestión de aceites usados.
- Resolución do 28/10/1998 pola que se fai público o Plan de Xestión de RSU de Galicia.
- Lei 38/72 de protección do ambiente atmosférico.
- Decreto 833/75 polo que se desenvolve a lei anterior.
- Lei 7/97, de protección contra a contaminación acústica en Galicia
- Decreto 150/99, que desenvolve a lei anterior.
- Real decreto 74/92, polo que se aproba o Regulamento nacional de transporte de mercadorías perigosas por estrada.
- Real decreto 599/94, polo que se modifica o anterior.

RECOMENDACIONES

Adquisición de vehículos e equipos, loxística e deseño de percorridos.



Á hora de comprar un vehículo pode evitar custos innecesarios e un exceso no consumo de recursos naturais se ten en conta as seguintes consideracións:

- Aqueles vehículos que teñan un baixo coeficiente de resistencia aerodinámica presentan menor resistencia ó aire e consumen menor cantidade de combustible.
- Os vehículos que utilizan material reciclable permiten o aproveitamento de materiais residuais cando se acaba a súa vida útil e se destinan ó abandono.
- Os vehículos de cor clara quéntanse menos no verán, o que implica menor dependencia e uso de aire acondicionado neles.
- Teña en conta que existen novos sistemas de acondicionamento de aire que non danan a capa de ozono.

O uso de pneumáticos que reducen a fricción co pavimento permite aforrar ata un 5% de combustible.

Clircular a 120 Km/h en vez de facelo a 90 Km/h supón un aumento no consumo de combustible de máis do 25%.

RECOMENDACIÓNS

- Procure que o vehículo dispoña de pneumáticos de vida máis longa e que consuman menos enerxía. Pode consultar co distribuidor sobre a resistencia da rodaxe e o rendemento por quilómetro dos pneumáticos que vai comprar.
- Os pneumáticos radiais reducen o consumo de gasolina. O máis eficaz é o pneumático que leva anel de aceiro na cuberta.
- Trate de que as pastillas e forros dos freos non sexan de amianto ou de asbestos, senón de substancias non tóxicas que agora xa se poden conseguir no mercado. Cada vez que un conductor frea con "zapatas" tradicionais saltan ó aire diminutas partículas de amianto que contribúen á contaminación, xa que se trata dunha substancia canceríxena.



Verifique as distancias que percorre, as rutas que segue e a frecuencia de entrega.

RECOMENDACIÓNS

Viaxar a velocidade excesivamente alta supón un malgasto de combustible.



- O aire acondicionado do vehículo débese accionar, polo menos, unha vez ó mes, para evitar que a súa falta de uso dane as gomas protectoras.
- Revise o desgaste ou corrosión sufrido no selado das caixas dos camións, iso axudarlle a evitar desperfectos na carga ou mesmo nas fugas destas.
- Os aceites de boa calidade melloran o rendemento do vehículo orixinando un menor consumo de combustible.
- Evite, na medida do posible, pinturas en aerosol, pois conteñen substancias que contaminan a atmósfera e ademais liberan no aire determinadas partículas que poden ser perigosas para a saúde.

RECOMENDACIÓNS

Comprobe que as rodas dos seus vehículos están correctamente aliñadas, se non é así pode supoñerlle malgastar ata un 9% máis de combustible.



- Os filtros obstruídos provocan un maior consumo de enerxía. Manteña limpo o filtro de combustible.
- A instalación de tacógrafos para o control de velocidade favorecerá o control do consumo de combustible.
- Non convén deixa-lo motor ó ralentí sen necesidade. Poñer en marcha un vehículo consume menos que deixalo ó ralentí se temos que estar parados máis dun minuto.

RECOMENDACIÓNS

En canto á loxística e deseño de percorridos é conveniente considera-las seguintes cuestións:

- A conducción por zonas conxestionadas e as caravanas de vehículos que avanza e se deteñen contribúen á contaminación da atmosfera do contorno.
- Procure que o persoal non faga viaxes innecesarias. Fomente o uso do teléfono, o correo electrónico (que ademais evita o gasto en papel) e o fax.



Considere a utilización de modos de transporte alternativos, máis favorables para a conservación do medio ambiente

- Unha distribución máis eficaz significa uns custos menores para a empresa e un menor deterioro do medio ambiente. Realice un adecuado estudo loxístico da distribución da empresa, tendo en conta as rutas, tamaño do camión e material que se vai entregar. Verifique as distancias que percorre, as rutas que segue e a frecuencia de entrega. Estes estudos pódennle revela-la maneira máis eficaz de distribuí-la mercadoría.
- A conducción que evita ó máximo as rutas das zonas urbanas e que utiliza o vehículo máis adecuado facilita o mellor aproveitamento da enerxía.

RECOMENDACIONES



- Viaxar a velocidade excesivamente alta supón un malgasto de combustible. A instalación de tacógrafos para o control de velocidade favorecerá o control do consumo de combustible.
- Para a limpeza dos vehículos é aconsellable emprega-los túneles lavacoche, xa que o consumo é de 800-1.000 litros de auga por lavado fronte ós 3.000 litros dun lavado con manguera.
- No caso de ter surtidores de combustible nas súas instalacións, instale mecanismos de absorción de vapores consistentes en capuchas de plástico que cobren a boquilla das bombas. Un tubo especial adáptase sobre a entrada do depósito e succiona os vapores cara a un depósito subterráneo, evitando así que escapen os gases como resultado da evaporación do combustible.

RECOMENDACIONES

Un vehículo posto a punto usa ata o 9% menos de gasolina, o que supón, entre outros beneficios, un 9% menos de emisións á atmósfera.

- As melloras prácticas medioambientais baséanse na prevención. Vixie o consumo dos vehículos.
- A maneira máis fácil de lograr un consumo de combustible máis eficaz é manter tódolos vehículos en perfecto estado, para iso cumpra os prazos de revisión establecidos polo fabricante.
- Unhas rodas mal inchadas provocan un maior consumo de combustible. O feito de leva-los pneumáticos correctamente inflados e equilibrados é, desde logo, unha cuestión de seguridade, pero non só iso. Non inflar un pneumático suficientemente pode malgastar ata o 5% da gasolina do vehículo ó aumenta-la resistencia de rodaxe. Manteña as rodas correctamente inchadas coa presión que o fabricante determine.



RECOMENDACIONES



- No caso de que realice o cambio de pneumáticos, deposíteos en lugares ou talleres onde se poidan reciclar. A enerxía empregada en producir 1 Kg de goma virxe é de 8.772 Kcal fronte ós 2.555 Kcal necesarias para a produción de 1 Kg de goma reciclada. Ademais, a goma reciclada pódese usar en pneumáticos, adhesivos, illantes de cables, tubos, freos, cintas transportadoras, pneumáticos de tractor, máquinas de corta-lo céspede, produtos deportivos e moitos outros.
- Favoreza na súa instalación unha correcta segregación dos residuos: papel e cartón, vidro, chatarra non contaminada, plásticos e residuos perigosos. Pode obter beneficios de venda de papel e cartón se os separa correctamente.
- Evite os escapes de aceite ou substancias lubricantes. No caso de que se produzan non limpe con auga, senón con material absorbente como as serraduras, xa que un litro de aceite contamina darredor de 100.000 litros de auga

RECOMENDACIONES

Utilice para a limpeza de talleres e zonas de mantemento produtos químicos respectuosos co medio ambiente e que non conteñan fosfatos nin cloro.



- É unha boa práctica medioambiental evita-la compra de aerosois que conteñan CFC, que son uns gases que danan a capa de ozono. Compre lubricantes, desengraxantes e abrillantadores en recipientes que non sexan aerosois. Adquíraos noutro tipo de envases.
- Se mantén os sistemas de escape dos seus vehículos en correcto estado reducirá a emisión de ruidos. Teña ademais en conta que está prohibido circular con "escape libre" debido á contaminación acústica que iso supón.
- Debemos ter en conta que as fugas de aceite, líquido refrixerante e lubricantes contaminan os cursos de auga. Procure a limpeza destas zonas con varredoras mecánicas, xa que a auga, unha vez empregada para realizar esta tarefa, estará contaminada.

RECOMENDACIONES

Os procedementos actuais de reciclaxe permiten obter por cada litro de aceite 625 ml de lubricante, o que supón un considerable aforro de enerxía.

- O respecto e cumprimento da normativa existente en canto a transporte por estrada de mercadorías perigosas evitará non só accidentes senón posibles riscos de vertidos ou fugas de produtos e residuos que, en caso contrario, puideran ocasionarse.

- Considere a compra daqueles vehículos que duren o maior tempo posible en servizo, así reducirá a cantidade de chatarra producida.

- Considere a compra de lubricantes, desengraxantes e abrillantadores en recipientes que non sexan aerosois. Favoreza a compra nouro tipo de envases. Estes produtos poden conter compoñentes que danen a capa de ozono. Teña en conta, ademais, que os envases que contiveron aceites lubricantes ou desengraxantes son residuos perigosos e que se deben xestionar como tales.



A correcta etiquetaxe e almacenamento das substancias perigosas que manexa na súa empresa pode evitar contaminacións e accidentes dos traballadores.

RECOMENDACIONES

- A correcta etiquetaxe e almacenamento das substancias perigosas que manexa na súa empresa pode evitar contaminacións e accidentes dos traballadores.
- No emprego de substancias que se utilizan no mantemento é conveniente fixarse nos elementos que compoñen a fórmula deses compostos e evita-lo uso innecesario de substancias tóxicas.
- A xestión adecuada das baterías dos vehículos a través de xestores autorizados permitirá evitar que se produzan danos no medio ambiente. Isto é moi importante xa que son residuos perigosos ó conter chumbo e ácido sulfúrico.
- Xestione axeitadamente o aceite usado, a través dun xestor de residuos perigosos autorizado, xa que o aceite usado é un residuo perigoso de alto potencial contaminante.



Un litro de gasolina pode contaminar 750.000 litros de auga.